

RESOLUCIÓN do tribunal que avalía o proceso para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría, pola que se fai pública a puntuación provisional do proceso selectivo (Praza núm. 3 -2ª FASE).

En sesión que tivo lugar o 30 de xullo de 2026, o tribunal nomeado pola resolución do 20 de maio do 2026 para valorar o proceso selectivo para a cobertura de un posto de persoal investigador na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC, no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría (praza núm. 3 - Resolución do 9 de abril de 2026, DOG núm. 78, do 28 de abril), acordou outorgar ao candidato Javier Montenegro García (**6851**) **25 puntos** na segunda fase do proceso.

A puntuación total acadada pola candidato no conxunto do proceso de selección é de **97 puntos**.

Polo tanto, de acordo co establecido no artigo 14 das bases da convocatoria, o tribunal selecciona para a praza de investigador, na modalidade de investigador distinguido, no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría a Javier Montenegro García (**6851*)

De acordo co mencionado no artigo 14.2, o candidato disporá de tres días hábiles para presentar alegacións. A súa estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución definitiva.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data que figura na marxe

O secretario do Tribunal

Benito R. Fernández Rodríguez

